



## OBRADOIROS MONOGRÁFICOS DE VERÁN 2024



### **DESEÑO DE PERSONAXE DENDE A PERSPECTIVA PLÁSTICA**

**Duración:** 8 horas

**Data de celebración:** martes 9 de xullo

**Lugar:** Escola Municipal de Teatro, Avenida de Castelao, 87 (interior). 36209 Vigo

**Hora:** de 10:00 a 14:00 horas e de 15:30 a 19:30

**Perfil do alumnado:** dirixido a maiores de 14 anos empadroados en Vigo

**Mestre:** Diego Valeiras

**Teléfono de contacto:** 986 485 324 (luns a venres de 11:00 a 14:00)

**Preinscricións:** enviar un correo electrónico a [em.teatro@vigo.org](mailto:em.teatro@vigo.org) coa seguinte información: Nome, apelidos, DNI, data nacemento, enderezo, número de móbil, correo electrónico e nome do curso solicitado

**Prazos de preinscrición:**

- Preinscricións: do luns 24 ao luns 1 de xullo
- Publicación de admitidos: martes 2 de xullo
- Formalización de matrícula: do mércores 3 ao domingo 7 de xullo

**Nº de prazas ofertadas:**

Admitiranse un total de 15 persoas. O número mínimo para a formación do grupo será de 4 prazas.

No caso de que a demanda excedese á oferta de prazas, faríase un sorteo público o martes 2 de xuño ás 12:00 horas, nas instalacións da Escola Municipal de Teatro de Vigo.

**Prezo:** 27,05 euros



## OBRADOIRO DESEÑO DE PERSONAXE DENDE A PERSPECTIVA ESCÉNICA

Os artistas plásticos escénicos son os responsables estéticos que xunto coa interpretación e a dirección constrúen a identidade das diferentes personaxes unha peza teatral. Eses procesos de creación da personaxe teatral son os que suceden a través da estética e mediante a unificación de maquillaxe e vestuario.

Partindo dun texto seleccionado o alumnado do curso desenvolverá os procesos básicos de creación dunha personaxe teatral dende a indumentaria e a maquillaxe nun proxecto integral.

O curso estará dividido en dous bloques. O primeiro atenderá á creación da indumentaria teatral, dende o estudo dos procesos creativos ao resultado final.

O segundo bloque enfocárase dende a visión da caracterización e maquillaxe como proceso plástico de construción da personaxe e atendendo á estética xa marcada no primeiro bloque.

### Todos os alumnos deben traer:

- Alumnado deberá, traer lida a peza **DIVINAS PALABRAS** de Ramón María del Valle-Inclán para poder analizar as diferentes personaxes.
- Block de notas e lápis.
- Cada participante deberá aportar un mínimo de 3 prendas de vestir de calquera índole que non sexa calzado nin complementos (prendas que serán para destruír). Esas prendas pasarán a formar parte dun “fondo común” que utilizaremos entre todos/as os/as participantes. (Non son prendas para uso exclusivo da persoa que as aporta).
- Set de maquillaxe, as persoas participantes deberán traer un pequeno set de maquillaxe composto polos seguintes elementos:
  - ✓ Xogo básico de brochas e pinceis de maquillaxe
  - ✓ Esponxa para base de maquillaxe (preferiblemente con forma de cuña).
  - ✓ Base de maquillaxe a tono de pel do/a intérprete.
  - ✓ Xogo de sombras con alomenos sombras marróns, negras e algo de cor.
  - ✓ Lápicos de ollos/beizos (branco/marrón/negro).
  - ✓ Xabón e material de limpeza para desmaquillarse.
- Set de ambientación para vestuario:
  - ✓ Papel de lixa de varias gramaxes (un par de follas, unha suave e outra máis forte).
  - ✓ Coitelas e recambios (cutter)
  - ✓ Tesoiras
  - ✓ Cepillo de aramio (de existir)
  - ✓ Restos de pinturas en “spray” (de existir)
  - ✓ Talco.
  - ✓ Serrín ou restos de virutas



- ✓ Cola branca
- ✓ Brochas para pintura.
- ✓ Recipientes varios, cubos, tinas, etc de tamaño medio. (de existir).
- ✓ Block de debuxo e lápices de cores.

PD. De todos os materiais anteriormente citados existe a posibilidade de que o alumnado comparta aqueles que son en formato non individual, por exemplo: "Sprays", cinta de carrocerro, serrín, talco, birutas, cola branca ou restos de pinturas.

### **Currículo Diego Valeiras**

O Carballiño 1980. Escenógrafo, figurinista e director de arte desenvolve o seu traballo no cine, televisión e no teatro en diferentes produccions. Compañías coma Elefante Elegante, Talía Teatro, Redrum Teatro, Caramuxo Teatro, Malasombra Produccions, Butaca Zero ou o Centro Dramático Galego entre outros, no cinema traballa con directores coma Ignacio Vilar (María Solinha. 2019), Gonzalo Caride (El cubo de Rosa.2015) Miguel López (Castelao.2015) entre outras produccions e participa nos equipos de arte de series coma Viradeira (Voz Audiovisual. 2017) O sabor das margaridas (CTV. 2018) etc. Xunto coas tarefas artísticas desenvolve o seu traballo de profesor de Espazo Escénico, Caracterización e Indumentaria na ESAD de Galicia. Ten publicados diversos artigos en revistas especializadas como a RGT, Madrygal ou os catálogos Spain On Stage, da AAPEE da que é membro. Ademais de ponencias sobre a arte e a plastica escénica en diversos congresos. Dende o ano 2022 dirixe a empresa ESPAZOVALEIRAS Costumes, adicada á creación, venta e aluguer de vestuario escénico e audiovisual en Galicia. Nomeado en diferentes ocasións aos Premios de Teatro María Casares, recibe no ano 2021 o galardón